

Don Leopoldo Moure García, SECRETARIO XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.

C E R T I F I C O : Que o Excmo. Concello Pleno, en sesión celebrada o día 21 de novembro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

1. ACORDO SOBRE O DESTINO DO SUPERÁVIT 2018 POR IMPORTE DE 3.268.672,37€. (EXPEDIENTE CIVIDAS NÚMERO 2019115994).- Examinada a proposta que eleva a Alcaldía-Presidencia, que textualmente di:

"Expedientes Cividas nº 2019115994.- IFS 2019
- Expediente CIVIDAS nº 2019121567.- Modificacións de créditos 45/2019, sub expediente de crédito extraordinario / suplemento de crédito 2/2019

Antecedentes:

Foron emitidos os seguintes documentos e informes:

- Memoria xustificativa do expediente de modificación de crédito, en cumprimento do artigo 37 do RD 500/1990.

- Memoria económica das inversións financeiramente sostibles (IFS) do ano 2019.

- Informe de intervención referido a Memoria económica das IFS, co resultado de favorable.

- Informe de intervención referido a Memoria xustificativa da modificación, có resultado de favorable.

- Informes varios dos técnicos municipais referidos aos custes de mantemento, redución de gastos e posibles ingresos derivados dos investimentos sostibles.

Á vista das actuacións realizadas, é polo que se propón ao Pleno:

1. Aprobar o destino do superávit, cifrado en 4.917.812,54 euros, a investimentos financeiramente sustentables por importe de 3.250.744,13 euros, segundo o detalle da Memoria económica das IFS 2019; a amortización extraordinaria de débeda por importe 17.928,24 euros e ao cumprimento da obriga legal de adicar aos acredores pendentes de aplicar ao orzamento 1.649.140,17 euros.

2. Aprobar inicialmente o expediente 45/2019, subexpdiente 2/2019 de modificación de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, financiados co remanente de tesourería para gastos xerais segundo o seguinte detalle:

APLICACIÓNS DE GASTOS E IMPORTES QUE SE HABILITAN:

<u>Aplicación</u>	<u>OBRAS E SERVIZOS</u>	<u>Importe</u>
03007-1532-61901	Mellora do aglomerado na Avenida do Mar	243.982,16 €
03008-9331-61901	Renovación de rede de pluviales praza de España 23-28 Barrio de Recimil	178.620,02 €
03007-1532-61902	Agglomerado en rúa Velazquez-POS+2019 plan complementario	32.667,70 €
URBANISMO		
06004-1531-61901	Reurbanización rúa Carmen e Coruxeiras	338.728,21 €
06004-1531-61902	Urbanización Rúa Basanta Fase II (aportación municipal).- POS+2019	334.834,03 €
06004-1532-61901	Aparcamiento disuasorio CHUF (aportación municipal).- POS+2019	142.684,66 €
06004-1522-61901	Rehabilitación envolvente Rúa Betanzos 1-8Barrio Recimil.	1.612.578,94 €
06004-1522-61902	Rehabilitación envolvente Rúa Ares 1-2 Barrio Recimil.	324.298,41 €

POLICIA LOCAL

02213-1331-62402 Multacar	42.350,00 €
Total IFS 2019 /Total gastos-ingresos-aforros que xenera a inversión	3.250.744,13 €
01003-0111-91302 Amortización extraordinaria de débeda	17.928,24 €
Total superávit	3.268.672,37 €

FINANCIAMENTO.-

Este expediente financiarase, na súa totalidade con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais

CONCEPTO	IMPORTE
87000 (Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais)	3.268.672,37€ “

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos Sres./as. asistentes, acordou aprobar a proposta transcrita

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Iltmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Vº e Pr
ALCALDE